

## 1. IDENTIFICACIÓN

### TÍTULO DA TAREFA:

**AUDIOCONTO: EL lápiz mágico de Malala**

<b>ETAPA</b>	<b>PRIMARIA</b>	<b>NIVEL</b>	<b>5º E 6º DE PRIMARIA</b>
<b>AREA/S</b>	<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>	<b>MESTRES</b>	<b>CHUS</b>

### DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Converter o libro **"El lápiz mágico de Malala"** de Malala Yousafzai, nun audioconto, para seguir facendo mais accesibles a todas e todos, os materiais da nosa biblioteca.

### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Esta tarefa inclúese dentro Proxecto de Innovación Educativa do Club de Letras, como modo de aprendizaxe práctico e participativo de aspectos relacionados coa comprensión oral e escrita e da expresión oral e escrita.

### CONTEXTO:

Escolar.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3	ESTÁNDAR 4
Círculo. Que pasaría si un día alguén che prohibíse vir a escola?	LGB 1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. <i>Instrumento de Avaliación: Lista de cotexo.</i>	LGB 1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. <i>Instrumento de Avaliación: Lista de cotexo.</i>	LGB 1.6.1. Respecta as opinións dos e das demais. <i>Instrumento de Avaliación: Lista de cotexo.</i>	
Escoita atenta da lectura do conto e coa estrutura de pensamento " Cor, símbolo, imaxe" expresar que nos fai sentir esta historia. Poñer en común as nosas interpretacións e sensacións.	LGB 1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedente da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora o resumo. <i>Instrumento de Avaliación: Folla da rutina de pensamento empregada.</i>	LGB 1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado a súa idade. <i>Instrumento de Avaliación: Escala de valoración.</i>	LGB 1.6.1. Respecta as quendas de palabras nos intercambios orais. <i>Instrumento de Avaliación: Lista de cotexo.</i>	
Buscar información sobre a autora da obra, redactando unha biografía da mesma.	LGB 2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. <i>Instrumento de Avaliación: Biografía redactada sobre a que se aplicará unha rúbrica.</i>	LGB 3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral os enunciados. <i>Instrumento de Avaliación: Biografía redactada sobre a que se aplicará unha rúbrica.</i>	LGB 1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación. <i>Instrumento de Avaliación: Biografía redactada sobre a que se aplicará unha rúbrica.</i>	
En equipos, crear un "Book trailer" sobre o conto empregando a aplicación "Imovie".	LGB 1.10.1. Amona respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. <i>Instrumento de Avaliación: Escala de valoración.</i>	LGB 1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates. <i>Instrumento de Avaliación: Escala de valoración.</i>	LGB 3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo. <i>Instrumento de Avaliación: Book Trailer creado.</i>	LGB 3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas. <i>Instrumento de Avaliación: Book Trailer creado.</i>

<p>Ensañar a gravación do conto poñendo diferentes voces e incluíndo sons de acompañamento.</p>	<p>LGB 5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios. <i>Instrumento de Avaliación: Escala de valoración</i></p>			
<p>Gravar o audioconto final e xerar un código QR que acompañará ao libro na biblioteca.</p>	<p>LGB1.6.4. Exprésase con unha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. <i>Instrumento de Avaliación: Gravación do conto</i></p>			

As actividades e estándares de avaliación marcados de cor laranxa son os que se avaliarán con esta tarefa.

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
Círculo. Que pasaría si un día alguén che prohibíse vir a escola?	Respectando as normas do círculo, irán respondendo por orde a pregunta proposta para coñecernos un pouco máis.			
Escoita atenta da lectura do conto e coa estrutura de pensamento " Cor, símbolo, imaxe" expresar que nos fai sentir esta historia.  Poñer en común as nosas interpretacións e sensacións.	Escoitar a lectura do conto e expresar a través dunha cor, un símbolo e unha imaxe as nosas sensacións, sentimentos, emocións...	Posta en común das rutinas de pensamento.		
Buscar información sobre a autora da obra, redactando unha biografía da mesma.	Atender as instrucións das partes que debe ter unha biografía.	Buscar información da autora da obra.	Redactar unha biografía da autora, nomeando os aspectos máis importantes da súa vida.	
En equipos, crear un "Book trailer" sobre o conto empregando a aplicación "Imovie".	Tomar as imaxes de cada una das páxinas do libro.	Empregar a aplicación Imovie, para montar o "Book Trailer", introducindo texto nas imaxes que desexen.	Buscar, descargar e Incluir unha pista de audio no noso proxecto.	Presentar o resultado final do noso traballo aos nosos compañeiros/as.
Ensañar a gravación do conto poñendo diferentes voces e incluíndo sons de acompañamento.	Repartir os personaxes da historia entre todo o alumnado da aula.	Ensañar o texto, a entoación e os efectos sonoros que queiramos incluír na historia.		
Gravar o audioconto final e xerar un código QR que acompañará ao libro na biblioteca.	Gravar o noso audioconto.	Escoitar o resultado final.		

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECUSOS DIDÁCTICOS	TEMP.
Circulo. Que pasaría si un día alguén che prohibise vir a escola?	Aula.	Gran grupo.	Obxecto da palabra	15-20 min.
Escoita atenta da lectura do conto e coa estrutura de pensamento " Cor, símbolo, imaxe" expresar que nos fai sentir esta historia.  Poñer en común as nosas interpretacións e sensacións.	Aula	Gran grupo.  Pequeno grupo.	Libro de lectura.  Modelo Rutina de Pensamento.	45 min.
Buscar información sobre a autora da obra, redactando unha biografía da mesma.	Aula.	Individual.	Lapis e folios.  Ordenadores E-Dixgal	60 min.
En equipos, crear un "Book trailer" sobre o conto empregando a aplicación "Imovie".	Aula	Pequeno grupo	Libro de lectura.  Tabletas.	60 min.
Ensañar a gravación do conto poñendo diferentes voces e incluíndo sons de acompañamento.	Aula	Pequeno grupo.	Grabadora de audio.  Lapis e papeis.	50 min.
Gravar o audioconto final e xerar un código QR que acompañará ao libro na biblioteca.	Aula.	Gran grupo.	Grabadora de audio.  Ordenador.  Folios e lapis.	20 min.

## LISTA DE COTEXO

	SI	NON
LGB 1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.		
LGB 1.5.1 Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.		
LGB 1.6.1 Respecta as opinións dos e das demais.		
LGB 1.6.1. Respecta as quendas de palabras nos intercambios orais.		

## ESCALA DE VALORACIÓN

	NADA	POUCO	SUFICIENTE	MOITO
LGB 5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.				

# RÚBRICA DA BIOGRAFÍA

	EXCELENTE	BEN	CON AXUDA	PRECISA MELLORAR
<b>FORMATO</b>	<p>Aparecen claramente indicados os datos principais da biografía:</p> <p>Nome completo do personaxe, datas de nacemento e falecemento (se é o caso), acontecementos importantes da súa vida...</p> <p>O texto aparece organizado en varios parágrafos, claramente diferenciados pola temática e contido.</p> <p>A presentación do texto e a limpeza do traballo facilita a súa lectura.</p> <p>A extensión é axeitada ao tipo de escrito que se está redactando, quedando completo e ben explicado.</p>	<p>Aparecen os datos principais da biografía:</p> <p>nome completo do personaxe e data de nacemento e falecemento (se é o caso).</p> <p>O texto aparece organizado en parágrafos diferenciados.</p> <p>A presentación e limpeza do texto é correcta.</p> <p>A extensión do texto é suficiente para explicar de forma clara os aspectos principais da vida do personaxe.</p>	<p>Falta algún dato relevante sobre a vida do personaxe.</p> <p>O texto non está organizado en parágrafos, aínda que segue unha secuencia temporal coherente.</p> <p>A caligrafía é lexible e a limpeza do texto correcta.</p> <p>A extensión do texto permite que a información quede completa e ben estruturada.</p>	<p>Non aparecen (ou non están ben expresados o nome do personaxe, as datas de nacemento e falecemento (se é o caso) e outros datos de relevancia.</p> <p>É difícil ler o texto debido ao tipo de letra e a presenza de tachóns ou erros.</p> <p>O texto non está organizado en parágrafos e tampouco segue unha secuencia temporal coherente.</p>

<p><b>REDACCIÓN</b></p>	<p>O texto está redactado con claridade. Todas as frases son coherentes e ben organizadas que permiten a calquera que a lea comprender a información.</p> <p>Amosa un dominio da linguaxe, usando elementos conectores de diferentes tipos, diferentes tempos verbais, riqueza de léxico, etc.</p> <p>Usa unha linguaxe propia non copiando literalmente a información atopada.</p>	<p>O texto está redactado con claridade e coherencia empregando frases cortas e ben organizadas que facilitan a súa comprensión.</p> <p>Emprega un vocabulario correcto e diferentes elementos de enlace e conectores entre oracións.</p> <p>Usa unha linguaxe propia nalgunhas partes do texto, non copiando toda a información literal que atopa.</p>	<p>A redacción non dificulta a lectura aínda que debería ser mais clara.</p> <p>As frases son coherentes pero demasiado longas e non están debidamente puntuadas.</p> <p>O vocabulario e a expresión son correctas pero non hai unha riqueza clara de léxico nin emprega conectores variados.</p> <p>Emprega maioritariamente a copia de diferente información atopada sobre o personaxe sen facer un traballo propio de redacción.</p>	<p>A redacción é pouco clara e non permite entender facilmente o contido da mesma.</p> <p>Hai erros básicos de expresión escrita que dan lugar a frases incoherentes ou mal estruturadas.</p> <p>Fai un copiado total da información atopada sobre o personaxe.</p>
<p><b>ORTOGRAFÍA</b></p>	<p>Non hai ningún erro ortográfico nin de puntuación.</p>	<p>Hai algún erro ortográfico puntual de pouca relevancia (tildes) ou de puntuación (uso da coma...).</p>	<p>Hai algún erro ortográfico de certa gravidade (uso de maiúsculas, b/v h, s/x...) e erros de puntuación de certa gravidade tamén (ausencia de puntos ou comas esenciais).</p>	<p>Aparecen erros ortográficos ao longo de todo o texto. Estes son reiterados e amosan un descoñecemento das regras ortográficas.</p>

<p><b>CONTIDO</b></p>	<p>Inclúe os datos básicos sobre a vida do personaxe: datas, lugares importantes, principais creacións, actividades realizadas, persoas coas que se relacionou...</p> <p>Aparece de maneira clara unha explicación da relevancia do papel do personaxe na súa época, na historia ou a nivel xeral. Explícanse as consecuencias das accións do personaxe para determinados acontecementos históricos.</p> <p>Inclúe referencias ao momento histórico no que se desenvolve o personaxe.</p> <p>Fai unha valoración positiva ou negativa das accións e influencia deste personaxe na historia ou na actualidade.</p>	<p>Inclúe os datos básicos sobre a vida do personaxe: datas, lugares importantes, principais creacións...</p> <p>Aparece de maneira clara unha explicación da importancia e papel do personaxe na súa época ou na historia a nivel xeral.</p>	<p>Inclúe os datos básicos sobre a vida do personaxe: datas e acontecementos máis importantes.</p> <p>Aparecen algunhas (moi poucas) referencias aos acontecementos históricos nos que o personaxe se ve envolto.</p>	<p>Non inclúe os datos básicos sobre a vida e accións históricas do personaxe.</p> <p>Non se inclúe ningunha referencia aos acontecementos históricos nos que se ve envolto o personaxe.</p>
-----------------------	---	---	---	--

